



# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 504

VIII legislatura

5 de xullo de 2011

## SUMARIO

(Versión electrónica en [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es))

### 1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.2. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.2.1. Proxectos de lei

— Acordo do Pleno do Parlamento do 28 de xullo de 2011 de rexeitamento das emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei da Área Metropolitana de Vigo [149106](#)

##### 1.2.2. Proposicións de lei

— Acordo do Pleno do Parlamento do 28 de xullo de 2011 de toma en consideración da Proposición de lei dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia [149106](#)

— Acordo do Pleno do Parlamento do 28 de xullo de 2011 de rexeitamento da toma en consideración da Proposición de lei reguladora do servizo público audiovisual e da autoridade audiovisual de Galicia [149106](#)

### 3. Procedementos de control e impulso

#### 3.5. Mocións

##### 3.5.4. Mocións rexeitadas

- 08/MOC-0116(66269)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a política educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 61992, publicada no BOPG núm. 437, do 24.03.2011, e debatida na sesión plenaria do 14.06.2011) [149106](#)

- 08/MOC-0117(66278)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Viéitez Alonso, Henrique

Sobre a destrución de emprego en Galicia segundo os datos da Enquisa de poboación activa do primeiro trimestre de 2011. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 64699, publicada no BOPG

núm. 467, do 10.05.2011, e debatida na sesión plenaria do 14.06.2011 [149107](#)

- 08/MOC-0118(66280)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad

Sobre a subscripción dun seguro colectivo de accidentes no mar. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 64469, publicada no BOPG núm. 467, do 10.05.2011, e debatida na sesión plenaria do 14.06.2011) [149107](#)

- 08/MOC-0119(66281)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Verdes Gil, Sonia

Sobre as actuacións que debe desenvolver o Goberno galego co fin de retomar as políticas de xestión e ordenación forestal e de prevención de incendios. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 63700, publicada no BOPG núm. 453, do 18.04.2011, e debatida na sesión plenaria do 14.06.2011) [149107](#)

### 3.6. Proposicións non de lei

#### 3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

##### 3.6.1.3. Proposicións aprobadas

- 08/PNP-1206 (65184)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro, e trece deputados máis

Sobre a solicitude polo Goberno galego ao Ministerio de Fomento da realización dunha xuntanza da Comisión de Seguimento do Pacto do Obradoiro, a publicación dun cronograma das obras dos treitos de alta velocidade ferroviaria entre Olmedo e Ourense e a licitación dos pendentos entre Requejo-Lubián-Taboadela-Ourense [149107](#)

- 08/PNP-1214(65627)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Miranda, Antonio, e sete deputados máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central de colaboración institucional para o avance no proceso de transferencias á Galicia, así como a convocatoria da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia [149108](#)

#### 3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

##### 3.6.2.3. Proposicións aprobadas

- 08/PNC-1842 (65626)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Miranda, Antonio, e cinco deputados máis

Sobre o desenvolvemento, dentro do marco do Plan de racionalización e modernización da Administración autonómica, das actuacións necesarias para a implantación dun novo modelo de organización e funcionamento dos rexistros da Xunta de Galicia que fomentan a utilización de medios electrónicos [149108](#)

#### 3.6.2.4. Proposicións rexeitadas

- 08/PNC-1683 (62373)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel, e Sestayó Doce, Beatriz

Sobre a eliminación das restricións impostas aos empregados públicos no proxecto de decreto polo que se regula o rexistro, a autorización, a acreditación e a inspección do sistema galego de servizos sociais de Galicia no acceso ás prazas de inspección de servizos sociais [149108](#)

- 08/PNC-1725(63197)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Canal, Alfredo, e Paz Franco, María Tereixa

Sobre a elaboración polo Goberno galego dunha estratexia que permita a constitución definitiva da Policía Integral Galega e as actuacións que debe desenvolver para ese fin [149108](#)

- 08/PNC-0980 (36925)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caride Estévez, María José, e catro deputados máis

Sobre a modificación dos tramos autonómicos aplicables no imposto sobre a renda das persoas físicas co obxectivo de mellorar a súa progresividade [149109](#)

- 08/PNC-1726(63199)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Canal, Alfredo, e Paz Franco, María Tereixa

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan de reordenación do gasto corrente improdutivo para xerar recursos que poidan destinarse á creación de emprego [149109](#)

- 08/PNC-1285(50715)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fraga Santos, Silvia Belén, e catro deputados máis

Sobre a posta en marcha dun servizo de información e mediación do feito LGTB (Lesbianas, Gays, Transexuais e Bisexuais) para combater as diferentes actitudes homófobas [149109](#)

- 08/PNC-1636(60945)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre o inicio da construción dos centros de saúde de Galeras e de

Conxo no concello de Santiago de Compostela [149109](#)

## **4. Procedementos de información**

### **4.3. Preguntas**

#### **4.3.2. Preguntas orais en Comisión**

#### **Preguntas orais en Comisión retiradas**

- 08/POC-6601(60961)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Seoane Romero, María

Sobre o desenvolvemento da campaña posta en marcha pola Conselle-

ría de Traballo e Benestar en abril de 2010 de divulgación das potencia-

lidades do cooperativismo como saída laboral para a mocidade galega e

a súa repercusión no modelo produtivo de Galicia [149109](#)

---

## 1. Procedementos de natureza normativa

### 1.2. Proxectos e proposicións de lei

#### 1.2.1. Proxectos de lei

#### **Acordo do Pleno do Parlamento do 28 de xullo de 2011 de rexeitamento das emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei da Área Metropolitana de Vigo**

O Pleno do Parlamento, na reunión do 28 de xuño de 2011, adoptou o seguinte acordo:

Rexeitamento emendas totalidade:

- 08/PL-0028 (64608)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei da Área Metropolitana de Vigo

BOPG núm. 467, do 10.05.2011

Sométese a votación a emenda á totalidade de devolución, e resulta rexeitada por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2011

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

#### 1.2.2. Proposicións de lei

#### **Acordo do Pleno do Parlamento do 28 de xullo de 2011 de toma en consideración da Proposición de lei dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia**

O Pleno do Parlamento, na sesión do 28 de xuño de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Toma en consideración:

- 08/PPL-0022 (66059)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Puy Fraga, Pedro, e Losada Álvarez, Abel

Dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

BOPG núm. 490, do 15.06.2011

Sometida a votación, obtense o resultado de 63 votos a favor, 12 votos en contra e ningunha abstención, polo que se toma en consideración.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2011

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

#### **Acordo do Pleno do Parlamento do 28 de xullo de 2011 de rexeitamento da toma en consideración da Proposición de lei reguladora do servizo público audiovisual e da autoridade audiovisual de Galicia**

O Pleno do Parlamento, na reunión do 28 de xuño de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da toma en consideración:

- 08/PPL-0021 (66019)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei reguladora do servizo público audiovisual e da autoridade audiovisual de Galicia

BOPG núm. 490, do 15.06.2011

Sometida a votación, obtense o resultado de 12 votos a favor, 63 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2011

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

## 3. Procedementos de control e impulso

### 3.5. Mocións

#### 3.5.4. Mocións rexeitadas

O Pleno do Parlamento, na reunión do 28 de xuño de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/MOC-0116(66269)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a política educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (Moción, a consecuencia da Inter-

pelación núm. 61992, publicada no BOPG núm. 437, do 24.03.2011, e debatida na sesión plenaria do 14.06.2011)  
BOPG núm. 494, do 21.06.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 37 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 08/MOC-0117(66278)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Víeitez Alonso, Henrique

Sobre a destrución de emprego en Galicia segundo os datos da Enquisa de poboación activa do primeiro trimestre de 2011. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 64699, publicada no BOPG núm. 467, do 10.05.2011, e debatida na sesión plenaria do 14.06.2011)

BOPG núm. 494, do 21.06.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 37 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 08/MOC-0118(66280)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad

Sobre a subscrición dun seguro colectivo de accidentes no mar. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 64469, publicada no BOPG núm. 467, do 10.05.2011, e debatida na sesión plenaria do 14.06.2011)

BOPG núm. 494, do 21.06.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 37 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 08/MOC-0119(66281)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Verdes Gil, Sonia

Sobre as actuacións que debe desenvolver o Goberno galego co fin de retomar as políticas de xestión e ordenación forestal e de prevención de incendios. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 63700, publicada no BOPG núm. 453, do 18.04.2011, e debatida na sesión plenaria do 14.06.2011)

BOPG núm. 494, do 21.06.2011

Sométese a votación e resulta rexeitada por 37 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2011

José Manuel Baltar Blanco

Vicepresidente 1.º

### 3.6. Proposicións non de lei

#### 3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

##### 3.6.1.3. Proposicións aprobadas

O Pleno do Parlamento, na reunión do 28 de xuño de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións:

- 08/PNP-1206 (65184)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro, e trece deputados máis

Sobre a solicitude polo Goberno galego ao Ministerio de Fomento da realización dunha xuntanza da Comisión de Seguimento do Pacto do Obradoiro, a publicación dun cronograma das obras dos treitos de alta velocidade ferroviaria entre Olmedo e Ourense e a licitación dos pendentos entre Requejo-Lubián-Taboadela-Ourense

BOPG núm. 482, do 01.06.2011

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por puntos:

Punto 1º.- 38 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

Punto 2º.- 50 votos a favor, 25 votos en contra e ningunha abstención.

Punto 3º.- 50 votos a favor, 25 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitarlle ao Ministerio de Fomento:

1.- A realización urxente da Comisión de Seguimento do Pacto do Obradoiro.

2.- A facer público un cronograma sobre prazos de licitación, adxudicación, execución e posta en servizo dos treitos da alta velocidade comprendidos entre Olmedo e Ourense.

3.- A licitar antes de que remate o primeiro semestre do ano 2011 os 3.046 millóns de euros correspondentes ás obras de plataforma dos treitos pendentes comprendidos entre Requejo-Lubián-Taboadela-Ourense.”

- 08/PNP-1214(65627)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Miranda, Antonio, e sete deputados máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central de colaboración institucional para o avance no proceso de transferencias á Galicia, así como a convocatoria da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia

BOPG núm. 485, do 07.06.2011

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 63 votos a favor, ningún voto en contra e 12 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar unha auditoría externa no Servizo Galego de Saúde.”

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2011

José Manuel Baltar Blanco

Vicepresidente 1.º

### 3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

#### 3.6.2.3. Proposicións aprobadas

A Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na reunión do 30 de xuño de 2011, adoptou o seguinte acordo:

Aprobación sen modificacións:

- 08/PNC-1842 (65626)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Miranda, Antonio, e cinco deputados máis

Sobre o desenvolvemento, dentro do marco do Plan de racionalización e modernización da Administración autonómica, das actuacións necesarias para a implantación dun

novo modelo de organización e funcionamento dos rexistros da Xunta de Galicia que fomentan a utilización de medios electrónicos

BOPG núm. 485, do 07.06.2011

O texto aprobado é o seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver en 2011, dentro do marco do Plan de racionalización e modernización da Administración pública, todas as actuacións necesarias para a implantación dun novo modelo de organización e funcionamento dos rexistros da Xunta de Galicia que fomenten a utilización de medios electrónicos e coordinen procedementos, plataformas e redes de comunicación xestionadas tanto pola Administración autonómica coma pola Administración local, de xeito que se posibilite a interacción entre todas elas co obxectivo de simplificar o acceso á administración e de mellorar así o sistema de información e atención aos cidadáns.”

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2011

Ricardo Varela Sánchez

Vicepresidente 2.º

#### 3.6.2.4. Proposicións rexeitadas

A Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na reunión do 30 de xuño de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNC-1683 (62373)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel, e Sestayo Doce, Beatriz

Sobre a eliminación das restricións impostas aos empregados públicos no proxecto de decreto polo que se regula o rexistro, a autorización, a acreditación e a inspección do sistema galego de servizos sociais de Galicia no acceso ás prazas de inspección de servizos sociais

BOPG núm. 436, do 23.03.2011

- 08/PNC-1725(63197)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Canal, Alfredo, e Paz Franco, María Tereixa

Sobre a elaboración polo Goberno galego dunha estratexia que permita a constitución definitiva da Policía Integral Galega e as actuacións que debe desenvolver para ese fin  
BOPG núm. 445, do 06.04.2011

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2011

Ricardo Varela Sánchez  
Vicepresidente 2.º

A Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na reunión do 30 de xuño de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNC-0980 (36925)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caride Estévez, María José, e catro deputados máis

Sobre a modificación dos tramos autonómicos aplicables no imposto sobre a renda das persoas físicas co obxectivo de mellorar a súa progresividade

BOPG núm. 248, do 09.06.2010

- 08/PNC-1726(63199)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Canal, Alfredo, e Paz Franco, María Tereixa

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan de reordenación do gasto corrente improdutivo para xerar recursos que poidan destinarse á creación de emprego

BOPG núm. 445, do 06.04.2011

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2011

Ricardo Varela Sánchez  
Vicepresidente 2.º

A Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na reunión do 30 de xuño de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNC-1285(50715)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fraga Santos, Silvia Belén, e catro deputados máis

Sobre a posta en marcha dun servizo de información e mediación do feito LGTB (Lesbianas, Gays, Transexuais e Bisexuais) para combater as diferentes actitudes homófobas  
BOPG núm. 331, do 11.10.2010

- 08/PNC-1636(60945)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre o inicio da construción dos centros de saúde de Galeras e de Conxo no concello de Santiago de Compostela

BOPG núm. 427, do 10.03.2011

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2011

Ricardo Varela Sánchez  
Vicepresidente 2.º

## 4. Procedementos de información

### 4.3. Preguntas

#### 4.3.2. Preguntas orais en Comisión

##### Preguntas orais en Comisión retiradas

A Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na reunión do 30 de xuño de 2011, adoptou o seguinte acordo:

Retirada iniciativa en Comisión:

- 08/POC-6601(60961)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Seoane Romero, María

Sobre o desenvolvemento da campaña posta en marcha pola Consellería de Traballo e Benestar en abril de 2010 de divulgación das potencialidades do cooperativismo como saída laboral para a mocidade galega e a súa repercusión no modelo produtivo de Galicia

BOPG núm. 427, do 10.03.2011

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2011

Ricardo Varela Sánchez  
Vicepresidente 2.º



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727